

A sétima edición do programa formativo Circular Talent Lab de Ecoembes busca novos talentos

10 Ago 2022

- Esta iniciativa, impulsada por TheCircularLab, ten por obxecto potenciar o talento novo mediante retos relacionados co desenvolvemento e a implantación da economía circular
- Na presente edición, seis alumnos centraranse no desenvolvemento de propostas que melloren a colaboración cidadá coa reciclaxe
- O proxecto terá unha duración de seis meses e comezará o próximo mes de setembro

Cerceda, a 10 de agosto de 2022.- Seis novos estudantes de todo o territorio nacional terán a oportunidade de participar na sétima edición de Circular Talent Lab, o programa formativo impulsado por TheCircularLab, o centro de innovación aberta en economía circular de Ecoembes.

Con esta iniciativa preténdese fomentar que novos talentos conformen un equipo multidisciplinar para traballar en materia de economía circular, reciclaxe e innovación durante seis meses para resolver un reto predefinido.

Nesta ocasión, o reto que deben asumir está relacionado coa mellora da colaboración cidadá coa reciclaxe, tendo en conta os factores e peculiaridades de cada zona: alto tránsito de persoas, elevada concorrencia turística ou alta dispersión da poboación.

A previsión é que participen seis estudantes procedentes de diferentes puntos do país e de distintas especialidades, os cales estarán guiados por mentores profesionais, seguindo técnicas como o design thinking e a co-creación, baseadas nos principios da metodoloxía CIR (Comprensión, Ideación e Realización).

Como en edicións anteriores, ademais da experiencia formativa, o programa ofrecerá a estes mozos a posibilidade de traballar nun produto mínimo viable que responda ao reto deste ano para despois ser desenvolvido no departamento de innovación de TheCircularLab con vistas á súa futura aplicación.

Nas seis edicións anteriores, os 53 alumnos participantes enfrontáronse a retos tales como a creación dun contedor intelixente, unha app que facilite a reciclaxe aos usuarios, dar unha segunda vida aos materiais reciclados ou solucións non tecnolóxicas que axuden aos cidadáns para reciclar. Nalgúns dos casos, e tamén grazas á colaboración de varias startups, estes proxectos chegaron a desenvolverse.

Fonte e imaxe: TheCircularLab

formativo-circular-talent-lab-de-ecoembes-busca-novos-talentos